

BASES DO I PREMIO UNIVERSITARIO LA CAIXA DE COMUNICACIÓN CIENTÍFICA

***En colaboración coas tres universidades de Galicia:
Vigo, A Coruña e Santiago***

La Caixa e GCIencia, a web da ciencia galega, convocan a primeira edición do Premio Universitario La Caixa de Comunicación Científica, baixo o lema "Contar a Ciencia". O premio quere poñer en valor o xornalismo científico entre os futuros profesionais. Tamén, dar a coñecer a investigación que se fai en Galicia, de xeito que a descubran os propios estudantes nas universidades nas que cursan os seus estudos. E quere facelo coa participación dos alumnos de Comunicación das tres universidades galegas.

1. Obxecto

O I Premio Universitario La Caixa de Xornalismo Científico, co lema "Contar a Ciencia", quere divulgar a investigación que se fai en Galicia, animar ós estudantes a coñecer as súas universidades e fomentar o xornalismo científico entre os alumnos que cursan estudos de Comunicación.

2. Convocatoria

A convocatoria está aberta ós alumnos da Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela, de Ciencias Sociais e da Comunicación de Vigo (campus Pontevedra) e de Ciencias da

Comunicación da Coruña, en solitario ou en equipo, cun máximo de dúas firmas. O traballo poderá facerse en colaboración con alumnos doutras facultades, sempre que sexan da mesma universidade.

3. Dinámica do premio

Os candidatos presentarán a GCiencia (www.gciencia.com) unha proposta de reportaxe ou entrevista sobre un tema científico que se desenvolva na Universidade á que pertencen. As reportaxes o entrevistas poderán ser escritas ou audiovisuais. As propostas enviaranse a gciencia@gciencia.com

As propostas terán un título e subtítulo provisionais, e un resumo dun máximo de 400 caracteres, espazos incluídos.

As propostas serán avaliadas por GCiencia, que elixirá as 8 que máis destaquen pola súa calidade, orixinalidade do tema tratado e valor xornalístico. GCiencia comunicará a decisión ós 8 elixidos para que realicen os traballos xornalísticos.

Os traballos xornalísticos poderán ser **escritos**, acompañados dunha ou máis imaxes, cunha extensión máxima de 2.200 caracteres con espazos.

Ou ben traballos audiovisuais, cunha duración mínima de 2 minutos. Máxima de 5 minutos. Nos audiovisuais deberán ir titulados e acompañados dun texto xornalístico de 400 caracteres. Os traballos audiovisuais serán de xénero xornalístico, como reportaxes, entrevistas ou noticias.

Os 8 traballos serán publicados en www.gciencia.com. E, ó remate da actividade, un xurado elixirá ó gañador do I Premio Universitario La Caixa de Xornalismo Científico.

4. Prazos

Ata o 11 de abril: Para presentar as propostas de reportaxe ou entrevista.

Do 21 de abril ó 12 de maio: Para presentar os traballos rematados

12 de maio a 5 de xuño: Publicación dos traballos

16 de xuño: Fallo do xurado. O traballo gañador será novamente publicado, cunha reportaxe sobre os gañadores.

5. Premio

O premio consistirá nunha tablet Kindle FIRE para cada un dos firmantes gañadores e diploma acreditativo para os 7 finalistas.

6. Xurado

O xurado estará composto por un representante de cada unha das tres universidades de Galicia, do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), de La Caixa, do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e de GCIencia, a web da ciencia galega.

7. Documentación

Os participantes remitirán no correo electrónico a gciencia@gciencia.com coa súa proposta os seguintes datos: Nome completo do futuro asinante ou asinantes do traballo. Enderezo electrónico, postal, teléfono e centro universitario no que cursan estudos.